

MOBILIDADES DE PRÁCTICAS – ERASMUS+

CONVOCATORIA PARA O CURSO 2023-24 – 1º Cuatrimestre

A mobilidade de estudantes para a realización de Prácticas Erasmus está integrada dentro da Acción Clave 1 (KA103) do Programa Erasmus +: *Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe. Proxectos de mobilidade no ámbito da educación, a formación e a xuventude.*

Esta convocatoria está suxeita á normativa do programa establecida polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), ás Normas de Organización e Funcionamento do Centro da EASD Mestre Mateo e ás seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA E DESCRICIÓN

Convócanse bolsas de mobilidade para estadias de prácticas durante os meses de outubro a decembro de 2023 destinadas a:

- Estudantes da EASD Mestre Mateo que:
 - a) teñan formalizada a súa matrícula no último curso das Ensinanzas Artísticas Superiores na de Deseño (Moda ou Produto), ou ben nos últimos cursos de calquera dos Ciclos Superiores impartidos (Xoiaría Artística, Fotografía ou Técnicas Escultóricas), e que estean en condicións académicas de realizar os módulos de Prácticas curriculares ou Formación en Centros de Traballo.
 - b) titulen nos meses de Xuño ou Xullo de 2024.
- Recén titulados en calquera dos estudos impartidos na EASD Mestre Mateo, que teñan acadada a súa titulación nos últimos 12 meses.

2023/2024 e estar no último curso dos estudos ou ciclos superiores que requiren de FPEET ou prácticas externas.

- b) Atoparse nas condicións académicas requiridas para realizar as prácticas en empresa¹:
 - i) No caso dos Ciclos Superiores, ter todos os módulos aprobados agás os de Proxecto integrado/ Proxecto final e Formación práctica en empresas, estudos ou talleres.
 - ii) No caso das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño, ter un máximo de 18 créditos ECTS pendentes.
2. Recén titulados: Ter titulado nos 12 meses anteriores á presentación da solicitude en calquera dos estudos impartidos na EASD Mestre Mateo.
3. Non se poderán simultanear no tempo mobilidades Erasmus+ de Estudos e de Prácticas, pero si poderán ter lugar no mesmo curso académico (sempre que en total non se superen os meses máximos permitidos por ciclo de estudos).
4. Para presentar a solicitude será necesario que a/o estudante busque persoalmente a empresa na que quere facer as prácticas. A Oficina internacional ofrecerá axuda e

SEGUNDA. REQUISITOS

1. Estudantes actuais:
 - a) Ter a matrícula ao corrente na EASD Mestre Mateo no presente curso

¹ Enténdese que o alumnado debe cumprir esta condición no momento anterior á realización da estadia.

asesoramento para este proceso se o/a estudante así o require.

TERCEIRA. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

A persoa solicitante deberá achegar a seguinte documentación:

1. Formulario de solicitude impreso e asinado dispoñible no Anexo I da presente convocatoria.
2. Documento de aceptación da empresa na que quere realizar as prácticas, cos datos da empresa (nome, nome do responsable, número de identificación fiscal, dirección postal, correo electrónico e teléfono), dispoñible no Anexo II desta convocatoria.
3. A secretaría da EASD Mestre Mateo xuntará á solicitude de cada persoa candidata a seguinte documentación: Certificado de matrícula da alumna ou alumno na EASD Mestre Mateo, ou certificado de ter os estudos rematados coa data de finalización.
4. Fotocopia cotexada doutra documentación que desexe presentar o/a estudante para que sexa tida en conta a efectos de méritos.

A presentación da solicitude implicará para o estudante coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria e da normativa.

CUARTA. LUGAR DE PRESENTACIÓN E PRAZO DE SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse na secretaría da EASD Mestre Mateo, o 22 de setembro de 2023.

QUINTA. NÚMERO DE BOLSAS

O reparto das bolsas entre as diferentes especialidades impartidas na Escola, realizarase de forma ponderada en función da matrícula por especialidade, até esgotar os fondos dispoñibles para mobilidades Erasmus de alumnado asignados á EASD Mestre Mateo polo

SEPIE (Axencia Española Erasmus+) para o presente curso 22/23 do Convenio 2022 asinado co SEPIE.

No caso de que nalgunha especialidade queden bolsas sen asignar, éstas poderán ser redistribuídas proporcionalmente entre o resto de especialidades.

SEXTA. CRITERIOS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO

A selección do alumnado candidato realizarase a través dunha comisión de valoración, que estará integrada polos xefes de departamento de cada ensinanza, a coordinadora de programas internacionais, o xefe de estudos e o director da Escola.

A adxudicación de prazas farase por especialidade e de acordo cos seguintes criterios, concretados na táboa correspondente ao ANEXO III da presente convocatoria:

1. Prioridade dos aspirantes. Terá preferencia, por esta orde, o alumnado que:
 - a) estea pendente de cursar as súas prácticas curriculares;
 - b) non teña participado no programa Erasmus+ con anterioridade.
2. Méritos académicos. Nota media do expediente académico do/a alumno/a.
3. Coñecemento de idiomas.
 - a) Nivel de idioma acreditado do país de destino.
 - b) Nivel acreditado de inglés.
4. Documento de aceptación da empresa.
5. Premios

SÉTIMA. INSTITUCIÓNS DE ACOLLIDA

Pode ser institución de acollida calquera entidade europea non ubicada en España que desempeñe unha actividade económica no sector público ou privado, independentemente do seu tamaño, o seu estatus xurídico ou do

sector económico no que exerza a súa actividade, incluída a economía social.

Inclúese nesta definición:

- Calquera organización pública ou privada dun país do programa ou dun país asociado activa no mercado de traballo ou nos ámbitos da educación, a formación, a xuventude, a investigación e a innovación, como por exemplo empresas públicas ou privadas, pequenas, medianas ou grandes (incluídas as empresas sociais).
- Unha organización, asociación ou ONG sen ánimo de lucro.

Non son elixibles institucións, corpos e axencias da Unión Europea.

OITAVA. DURACIÓN

A duración e titorización das prácticas será de entre 2 e 3 meses por ciclo de estudos, cunha posible prórroga (a estudo desde a coordinación) de até un máximo de 6 meses. O financiamento cubrirá un máximo de 3 meses. Se a persoa solicitante xa disfrutou con anterioridade doutra mobilidade Erasmus+, os meses xa realizados descontaranse do máximo de 12 meses.

NOVENA. TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

As prácticas serán titorizadas tanto dende a EASD Mestre Mateo como dende a institución de acollida. O titor ou titora da EASD Mestre Mateo será un/ unha integrante da Oficina Internacional e/ou do Dpto. De Empresas.

DÉCIMA. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

Unha vez feita a selección, publicarase no taboleiro de anuncios de programas internacionais, así como na web, a listaxe de beneficiarios/as das bolsas.

Establécese un prazo de dous días lectivos, contados a partir do día seguinte á data de publicación para facer reclamacións ante a Dirección, a través da Secretaría da Escola. A comisión de valoración resolverá ditas reclamacións no prazo de cinco días lectivos.

En caso de renuncia á beca Erasmus+ concedida, ésta deberá ser presentada por escrito á coordinación de programas internacionais.

No caso de renuncia sen causa xustificada, o/a estudante pasará a ocupar o último lugar na lista de adxudicación en futuras convocatorias.

Se o alumnado seleccionado non presenta a súa aceptación ou renuncia por escrito dentro do prazo de 5 días naturais considerarase que acepta a axuda e ten a obriga de realizar a mobilidade (agás caso de forza maior).

UNDÉCIMA. RECOÑECIMENTO ACADÉMICO

As prácticas realizadas polo estudiantado do último curso das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño e Ciclos Superiores terán pleno recoñecemento académico.

Se a duración das prácticas é maior do esixido polos estudos, o recoñecemento do exceso se realizará a través do Suplemento Europeo ao título no caso dos Estudos Superiores de Deseño, e a través de Europass no caso dos Ciclos Superiores.

Este recoñecemento estará condicionado a que se acade por parte da persoa en prácticas o nivel esixido na organización de destino, demostrado pola avaliación positiva de dita organización, e ao cumprimento por parte da persoa en prácticas dos prazos e termos acordados.

O alumnado de último curso pendente das prácticas externas curriculares (EAS en Deseño de Moda) ou do módulo de formación en centros de traballo, estudos ou talleres (Ciclos

Superiores), e que realice a solicitude da bolsa Erasmus+ para prácticas, enténdese que, de obter unha bolsa Erasmus+ SMT (bolsa Erasmus+ de prácticas), rexeita realizar as prácticas externas ou a formación en centros de traballo dentro do proceso habitual do centro.

DUODÉCIMA. TARXETA SANITARIA EUROPEA

É responsabilidade da persoa beneficiaria da bolsa Erasmus+ tramitar a Tarxeta Sanitaria Europea ou subscribir ao seu cargo un seguro para cubrir as continxencias médicas no país de destino.

Se as persoas seleccionadas son beneficiarias da Seguridade Social, deben dirixirse ás oficinas do INSS para solicitar a TSE. As persoas aseguradas en mutuas ou seguros privados deben dirixirse a elas para obter a cobertura médica no estranxeiro.

A EASD Mestre Mateo non será responsable dos danos ocasionados e débedas contraídas polo estudante durante o período da súa bolsa.

Non obstante o anterior, A EASD Mestre Mateo proporcionará ao estudante un seguro básico de viaxe con cobertura de accidentes e responsabilidade civil.

DÉCIMOTERCEIRA. APOIO LINGÜÍSTICO

A Comisión Europea ten en marcha un servizo de apoio lingüístico en liña (OLS) para contribuír a acadar os obxectivos do Programa mediante o progreso lingüístico dos participantes.

O Apoio Lingüístico en liña (OLS) é un servizo gratuíto posto en marcha pola Comisión Europea para axudar aos participantes en actividades de mobilidade de proxectos Erasmus+ a mellorar o seu coñecemento do idioma que utilizarán para traballar, estudar ou facer voluntariado no estranxeiro, de tal maneira que poidan sacar o máximo beneficio da súa experiencia. OLS permite que o apoio

lingüístico realícese dunha maneira flexible e fácil e contribúe ao obxectivo específico do programa Erasmus+ de promover a aprendizaxe de linguas e a diversidade lingüística. Tamén pretende mellorar a calidade da aprendizaxe, así como medir o impacto do programa en canto ás habilidades lingüísticas dos participantes.

Ligazón OLS da CE:

<https://academy.europa.eu/courses/welcome-to-the-eu-academy/view/> . O uso do OLS non terá ningún custe para os/as estudantes.

O apoio lingüístico en liña (OLS), inclúe dúas facetas: a avaliación obrigatoria das competencias lingüísticas e os cursos do idioma en cuestión.

Se un/ unha estudante non realizara a primeira avaliación a través do sistema OLS, non poderá comezar a mobilidade adxudicada.

Os/as estudantes adxudicatarios/as deberán cumprir calquera outra indicación ou disposición establecida pola AN para a presente convocatoria.

DÉCIMOCUARTA. CONTÍA E PAGAMENTO DAS AXUDAS

Existe unha única vía de financiamento, a do *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), por un máximo de 3 meses. Se a duración total da mobilidade supera este tempo, o tempo excedente terá consideración de "beca cero". É dicir, no caso de solicitar unha estada superior a 3 meses, unha vez superado este tempo, non percibirá contía de subvención.

O importe das axudas dependerá do seu fluxo de mobilidade entre os países de envío e de acollida do estudante, en función dos custes de vida do país de envío e o de recepción, segundo se recolle na normativa e convocatoria específica do programa emitida polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE).

Os **estudantes e titulados recentes con menos oportunidades**, isto é, que tiveran concedida unha beca xeral do Ministerio de Educación **no curso anterior á solicitude**, deberán acreditarlo no momento da solicitude, a fin de asignar a bolsa atendendo tamén a estes parámetros.

O ingreso da bolsa será realizado pola Oficina Internacional en dous pagos, vencellados á recepción de certa documentación, do xeito que segue:

1. Primeiro pago do 70-80% do importe total da beca unha vez asinada toda a documentación necesaria e presentado o certificado de chegada asinado pola institución de acollida, no modelo dispoñible para tal fin; e, en calquera caso, dentro dos 30 días seguintes á sinatura do convenio.
2. Liquidación do 20-30% restante tras a entrega do certificado de fin de estancia orixinal, o informe do estudante (UE Survey) e a memoria de prácticas.

O abono das axudas realizarase exclusivamente mediante transferencia bancaria a contas correntes situadas en España, e os seus titulares ou cotitulares deberán ser necesariamente as persoas beneficiarias das mesmas.

No caso de que a estancia sexa de entre 2 e 3 meses (meses incompletos), a axuda financeira calcularase multiplicando o número de días do mes incompleto por 1/30 da axuda mensual.

Durante a súa mobilidade a/o estudante seguirá disfrutando das bolsas ou préstamos con fins educativos que podería obter normalmente para estudar na EASD Mestre Mateo. As axudas de mobilidade Erasmus+ son complementarias aos sistemas nacionais e/ou autonómicos, incluídos os que ofrecen unha compensación polos gastos adicionais dos estudos ou prácticas que se realizan no estranxeiro.

DÉCIMOQUINTA. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS BOLSAS E CONTRATOS

Logo de aceptar a bolsa, o/a estudante comprométese a:

Antes da partida:

- Asinar por duplicado o orixinal do Convenio financeiro, esixido pola Axencia nacional, onde se recollen as obrigas das partes na administración de fondos comunitarios, que tamén será asinado polo director da EASD Mestre Mateo.
- Asinar por triplicado o Acordo de aprendizaxe de prácticas, onde se recollen as funcións principais que se levarán a cabo e as aprendizaxes previstas, que tamén debe ser asinado pola organización de acollida e a coordinación de Programas Internacionais.
- Acreditar a vixencia dos seguros antes da súa viaxe.
- Entregar á coordinación Erasmus unha certificación bancaria dunha conta ao seu nome.
- Realizar o test de idioma OLS inicial que realiza Erasmus+ con finalidades estatísticas.

Durante a estadia na institución/organización de destino:

- Na primeira semana dende a incorporación no destino, debe remitir por correo electrónico a Certificación de Chegada debidamente asinada e selada pola persoa responsable da empresa de acollida.
- Manter o contacto periódico coa coordinadora Erasmus e/ou a persoa responsable da titorización a través do enderezo electrónico. Comunicar calquera problema ou modificación nas prácticas.
- Permanecer no destino ata o final do período previsto e realizar as prácticas.
- Realizar o curso *online* OLS de idioma en caso de que o sistema proporcione unha licenza ao remate do test inicial.
- Respetar as normas e regulamentos da empresa ou institución de acollida, a súa

xornada laboral habitual, o seu código de conduta e a súa política de confidencialidade.

- Enviar documentación gráfica (foto ou vídeo) susceptible de ser compartida en redes sociais pola Oficina Internacional da EASD Mestre Mateo.
- **O estudante que non cumpra as súas obrigas na empresa de acollida (previo informe negativo da coordinadora de Programas Internacionais e da empresa) deberá realizar a DEVOLUCIÓN ÍNTEGRA das axudas recibidas.**

Finalizado o período de mobilidade na institución ou organización de destino:

- Se o certificado de permanencia acreditara un período inferior ás cantidades recibidas, a/o estudante deberá reintegrar a totalidade ou unha parte da axuda recibida acorde aos meses ou semanas non certificados. Así mesmo, solicitarase o reintegro en caso de renuncia total ou parcial por motivos non xustificadas, que quedan a criterio da Axencia nacional SEPIE.
- Cumprimentar e presentar en tempo e forma calquera documentos oficiais que en relación coa súa bolsa lles foran requiridos pola EASD Mestre Mateo ou a Axencia Nacional (SEPIE).
- Se das prácticas derivara algún traballo susceptible de seren publicado, o autor ou autora deberá facer constar a axuda financeira recibida a través do programa Erasmus+ e a EASD Mestre Mateo.
- Enviar á coordinación Erasmus no prazo máximo dun mes tras finalizar a estadía o documento orixinal de "Certificado de Estadía".
- Realizar o informe final (enquisa *online* UE Survey) no prazo dun mes tras a finalización da mobilidade.

- Realizar o test OLS de idioma final que realiza Erasmus con finalidades estadísticas.
- Elaborar unha memoria de prácticas e entregala en tempo e forma.

As persoas beneficiarias das bolsas de mobilidade reguladas na presente convocatoria serán as únicas responsables das súas accións nas empresas ou institucións do país de destino, eximindo de todo tipo de responsabilidade á EASD Mestre Mateo como consecuencia de danos causados, renuncias extemporáneas ou calquera outro evento que puidera implicar reclamacións.

DÉCIMOSEXTA. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA

A listaxe definitiva sairá publicada a finais de xaneiro.

A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE ERASMUS+ PARA PRÁCTICAS SUPÓN A ACEPTACIÓN, EN TODOS OS SEUS TERMOS, DAS BASES ESTABLECIDAS NA PRESENTE CONVOCATORIA.

Santiago de Compostela,
12 de Setembro de 2023

Asinado:

Elisa M.^a González Penas,
Vicedirectora e coordinadora de Programas internacionais.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN – ERASMUS+ – SMT	
PERÍODO DE SOLICITUDE: Curso 2023 – 2024	
DATOS PERSOAIS (Todos obrigatorios)	
Apelidos:	
Nome:	
DNI:	
Correo electrónico:	
Data de nacemento:	
DOMICILIO FAMILIAR (todos os campos son obrigatorios)	
Dirección:	
C.P.:	Poboación:
Teléfono:	Teléfono móbil:
DATOS ACADÉMICOS	
Titulación que cursa:	
Idioma de traballo ou do centro de destino:	Certificado que aporta:
Inglés:	Certificado que aporta:
EMPRESA/ INSTITUCIÓN DE DESTINO SOLICITADA	
<input type="checkbox"/> Declaro que non recibín con anterioridade unha bolsa Erasmus da mesma modalidade que solicito	
<input type="checkbox"/> Declaro que participei anteriormente nunha mobilidade Erasmus. Número meses: ____	
<input type="checkbox"/> Estou disposto/a á realización dunha estadía Erasmus sen axuda económica.	
Asinado: Solicitante	
Santiago de Compostela, a __ de _____ de 202_	

ANEXO II

ERASMUS TRAINEESHIP

* Compulsory fields.

*Legal Name:	
*Business Name:	
*Full legal name (national language):	
Erasmus Code (if applicable):	
Has the company got more than 250 employees?	<input type="checkbox"/> More than 250 <input type="checkbox"/> Less than 250
National ID:	
Acronym:	
Department:	
*Type of organisation	<input type="checkbox"/> Public Organization <input type="checkbox"/> NGO – Non Governmental Organization <input type="checkbox"/> Small to mid-size enterprise <input type="checkbox"/> Educational Institution
VAT:	
*Legal Adress:	
*Country:	
Region:	
*Postcode:	
*City:	
*Email:	
Website:	
*Telephone 1:	
Telephone 2:	
Contact Person Name:	
*Position:	
*E-mail:	
*Phone:	
*Mentor Person Name (if different):	
*Position:	
*E-mail:	
*Phone:	

ANEXO III

CRITERIOS DE BAREMACIÓN

CRITERIO	PUNTUACIÓN				
Prioridade dos/as aspirantes	Terá preferencia, por esta orde: 1) o alumnado pendente de cursar as súas prácticas curriculares/ módulo de formación en centros de traballo; 2) o alumnado que non teña participado no programa Erasmus+ con anterioridade.				
Expediente académico	Media do expediente segundo normativa das ensinanzas correspondentes.				
Documento de aceptación da empresa	3 puntos.				
Idiomas ²	Idioma acreditado do país de acollida	B1	1 punto		
		B2	2 puntos		
		C1	3 puntos		
		C2	4 puntos		
	Inglés (sempre que non sexa o idioma do país de acollida)	B1	0.5 puntos		
		B2	1 puntos		
		C1	1.5 puntos		
		C2	2 puntos		
Outros méritos (Máx. 2 puntos)	Premios	Premios en certames organizados pola Consellería e a escola	1º premio	1 punto	Máx. 2 puntos
		Outros	0.5 puntos		

² Os certificados deberán proceder dunha institución de recoñecido prestixio, que será valorada pola Comisión de selección.